



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE 381/2026.-

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO TRIBUNAL, DATA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE ADMINISTRATIVOS GRUPO C, SUBGRUPO C-1.-

Por decreto desta Alcaldía nº 2026-0515, de data 10/07/2026, aprobáronse as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de administrativos, grupo C, subgrupo C-1, outorgando un prazo de 10 días hábiles para presentar as solicitudes de participación por parte das persoas interesadas, que se contarán dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP nº 142, de data 28 de xullo de 2026).

Finalizado o prazo fixado para presentar solicitudes, por resolución nº 2026-0606 de 18/08/2026 aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos dando un prazo de tres días hábiles ós efectos de reclamacións a partir da data de publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal> . (Anuncio publicado o 19/08/2026).

Transcorrido o citado prazo sen que se produciran reclamacións, de acordo co establecido no artigo 6 das bases deste proceso selectivo, e de conformidade coas atribucións que me confire a normativa vixente de réxime local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso de selección arriba indicado, que se relaciona a continuación, con especificación dos motivos da exclusión continuación.

Aspirantes admitidos:

	APELIDOS E NOME	DNI	DATA DE PRESENTACIÓN
1	MARIA VICTORIA ALONSO MÉNDEZ	***7185**	03/08/2026
2	ESTEBAN MOURIÑO CERNADAS	***6153**	04/08/2026
3	IRIA PRADO RODRÍGUEZ	***4258**	10/08/2026
4	IRENE OTERO VEIGA	***7921**	10/08/2026
5	PABLO AMOEDO FREITAS	***0402**	11/08/2026

Aspirantes excluídos:
Non hai

DECRETO
Número: 2026-0617 Data: 26/08/2026





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

SEGUNDO.- Designar como membros do tribunal para o procedemento de selección, de conformidade co establecido no artigo 7 das bases aprobadas, trasladando esta resolución aos/ás compoñentes do tribunal cualificador, a:

1.- Presidenta: Rocío de Sinde Penas, técnica de xestión do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Ana Osorio Calles, xefa de negociado do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.

2.- Secretario: José Ramón Rodríguez Juncal, administrativo de xestión tributaria adscrito ao ORAL, da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Patricia Nogueira Beade, técnica de xestión do Servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra.

3.- Vogal: Raquel Portela Cajiao, técnica especialista en Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Silvia Labraña González, xefa de sección de procesos selectivos do Servizo de RRHH e Formación da Deputación de Pontevedra.

4.- Vocal: Andrés Veiga Rodríguez, administrativo do Servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Ángel Martín Freijeiro, administrativo do Servizo de Tesourería da Deputación de Pontevedra.

5.- Vocal: María González Couto, técnica media de xestión tributaria adscrita ao ORAL da Deputación de Pontevedra.

Suplente: María Barreiro Tosar, técnica media de xestión tributaria adscrita ao ORAL da Deputación de Pontevedra.

TERCEIRO.- Data de constitución do tribunal, data do primeiro exercicio e convocatoria de aspirantes e tribunal:

- Convocar ó tribunal para o luns 14/09/2026 ás 13:00 horas , nas Dependencias da Deputación de Pontevedra, situado no lugar de Avda Montero Ríos, s/n (36071) , Pontevedra coa finalidade de permitir a adecuada organización das tarefas necesarias para a elaboración e desenvolvemento da primeira proba.

-Convocar ao tribunal e ás persoas aspirantes admitidas para a realización do primeiro exercicio do proceso de selección (cuestionario tipo test) o mércores 23/09/2026 ás 10:00 horas no salón de actos do concello de Pazos de Borbén (Pazos nº52, 36841 Pazos de Borbén).

Os aspirantes deberán presentarse co DNI ou outro documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

CUARTO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal> e na páxina web www.pazosdeborben.gal, para público coñecemento.

DECRETO
Número: 2026-0617
Data: 26/08/2026

Cod. Validación: 6KEDYEJ5QSRLYG2ESGADHMEHR
Corrección: <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

QUINTO.- Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma. Por outra banda, os interesados tamén poderán formular un recurso contencioso administrativo diante da Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do Tribunal cualificador, no prazo de tres días naturais dende a publicación da súa composición, cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En Pazos de Borbén, mándao e asínao o Sr. Alcalde.

O DECRETOU O SR. ALCALDE – PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU, SECRETARIA ACCIDENTAL DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL AO MARXE.

DECRETO
Número: 2026-0617

Data: 26/08/2026

